



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

**Descrición Decreto:** Aprobación expediente para contratación do servizo: "Conservación e mantemento integral de xardíns, zonas verdes e outras zonas públicas municipais do Concello de Boimorto". Expediente: 2019/C004/000001

## DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o expediente para contratación do servizo: Conservación e mantemento integral de xardíns, zonas verdes e outras zonas públicas municipais do Concello de Boimorto.

Constando no expediente:

Memoria de Alcaldía xustificativa da contratación con proposta de PCAP de febreiro de 2020

Decreto de incoación do expediente de contratación.

Informe do departamento de Secretaria - Intervención de febreiro de 2020

En consecuencia e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da Lei de contratos do sector público 9/2017 de 8 de novembro e en uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía en materia de contratación pola DA 2ª da citada Lei,

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación: "CONSERVACIÓN E MANTEMENTO INTEGRAL DE XARDÍNS, ZONAS VERDES E OUTRAS ZONAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BOIMORTO". EXP. 2019/C004/000001, por procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, cun orzamento de execución por contrata de:

<b>OZAMENTO LICITACIÓN</b>	<b>BASE DE</b>	96.000 € IVE incluído	IVE: 16.661,16 €
<b>VALOR ESTIMADO</b>		79.338,84 € sen IVE	
<b>OBSERVACIÓN:</b> 24.000 € anuais IVE incluído - IVE do 21% anual: 4.165,29 €			
DURACIÓN DO CONTRATO: 4 anos			

**SEGUNDO.-** Aprobar a proposta de PCAP e Prescricións técnicas incluídos na citada memoria xustificativa que se achega ao presente decreto.

**TERCEIRO.-** Aprobar o gasto por importe de 24.000 €uros anuais IVE incluído - IVE do 21% anual: 4.165,29 €uros con cargo á aplicación orzamentaria 171.22706 do orzamento municipal vixente.

**CUARTO.-** Abrir a fase de licitación do contrato mediante a publicación do anuncio de licitación na plataforma de licitación do sector público: <https://contrataciondelestado.es>, para que se poidan presentar as ofertas que se estimen oportunas no prazo de quince días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

**QUINTO.-** Aos efectos de dar cumprimento ao disposto na LCSP 9/2017 de 8 de novembro e dar tramite ao presente expediente, a composición da mesa de contratación será a designada no Decreto 377/2019 de 16 de agosto e publicado no BOP NÚM. 158, de data 22 de agosto de 2019:

▪ **Presidente:**

A Alcaldesa do Concello de Boimorto.

▪ **Vogais:**

1. D. Jorge Boado Fernández, Secretario Interventor do Concello de Boimorto.
2. Dna. Armanda Vázquez García, Funcionaria do Concello de Boimorto.
3. D. Luís González Guerra, Persoal laboral Fixo do Concello de Boimorto.

▪ **Secretario:**

Dna. María Luisa Cacharrón Souto, Funcionaria do Concello de Boimorto.

**SEXTO.-** Dar conta do presente decreto a Secretaría - Intervención municipal e ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Decretouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa – Presidenta

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Dou fe, o secretario

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ